

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

ACTIVIDADES

UNIDADE 10

NOME	APELIDOS	CURSO
ENRIQUE		

PARTE 2 DA UNIDADE 10. A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

Actividades de reforzo

1. Consulta os apuntamentos e realiza no teu caderno as seguintes actividades:

- Explica **dous aspectos** da **situación social** en Rusia durante a **época do tsar Nicolás II**.

Atraso social ^{ou} maioría da poboación constituída por campesinado pobre e ^{unha} burguesía enriquecida pola explotación mineira e industrial

- Indica **dúas características** da revolución que tivo lugar en Rusia tras a **derrota deste país na guerra ruso-xaponesa de 1905**:

- Estourido de folgas, protestas e rebelións militares
- Formación dos primeiros soviets ou consellos

- Explica **dúas características** da revolución de febreiro de 1917 en Rusia:

- Caída do goberno do tsar Nicolás II
- Negativa do goberno de retirar a Rusia da I Guerra Mundial

- Explica **dúas características** da revolución de outubro de 1917 en Rusia:

- Toma do poder por parte do Goberno dos Comisarios do pobo, presidido por Lenin, líder indiscutible da revolución.
- Mantemento da situación de desorganización total en Rusia

- Explica **dúas medidas** aplicadas durante a etapa do **stalinismo** en Rusia:

- Política represiva → pole cel → eliminación do disidente
- Planificación económica centralizada → reación dun chinés de terra
→ reación do plan quinquenal ...

2. Atendendo aos contidos do tema que aparecen nos aputamentos e aos teus coñecementos previos, realiza unha breve REDACCIÓN, DE ENTRE 10 E 20 LIÑAS DE EXTENSIÓN, E ESTRUTURADO EN CATRO PARÁGRAFOS, no que realices unha reflexión sobre cada unha das cuestións que se citan a continuación.

Redacción 1. A REVOLUCIÓN RUSA
(extensión de entre 10 e 20 liñas)

Cada un dos 4 parágrafos debe comezar da seguinte maneira:

- o **PRIMEIRO PARÁGRAFO:** "A Revolución rusa foi un movemento revolucionario que tivo lugar en Rusia no primeiro terzo do século XIX que derrocou ao goberno do tsar no cal a situación política estaba caracterizada por ..." (CITAR E EXPLICAR ALGUNHA DAS CARACTERÍSTICAS DA SITUACIÓN POLÍTICA DA RUSIA TSARISTA)

Primeiro parágrafo

A revolución rusa foi un movemento revolucionario que tivo lugar en Rusia no primeiro terzo do s. XIX que derrocou ao goberno do tsar no cal a situación política estaba caracterizada por o poder ocupado polo tsar Nicolás II, da dinastía Romanov, de personalidade débil.

→ **autocracia traxinta**
↳ influencia de relixión cristiá ortodoxa que...

- o **SEGUNDO PARÁGRAFO:** "Na Revolución rusa poden diferenciarse dúas fases, das cales a primeira tivo lugar en febreiro de 1917 e na que se produciron feitos como..." (CITAR E EXPLICAR ALGÚNS, DOUS POLO MENOS, DOS FEITOS QUE OCORRERON DURANTE A REVOLUCIÓN DE FEBREIRO DE 1917)

Segundo parágrafo

Na revolución rusa poden diferenciarse dúas fases, das cales a primeira tivo lugar en febreiro de 1917 e na que se produciron feitos como a negativa do goberno a retirar a Rusia da I Guerra Mundial e o aumento da impopularidade do goberno.

provisional que se formou tras a caída de Tsar Nicolás II

- o TERCEIRO PARÁGRAFO: "Na segunda fase, na revolución de outubro, producíronse feitos como ..." (CITAR E EXPLICAR ALGUNS, DÚAS POLO MENOS, DOS FEITOS QUE OCORRERON DURANTE A REVOLUCIÓN DE OUTUBRO DE 1917)

Terceiro parágrafo

Na segunda fase, na revolución de outubro, producíronse feitos como o mantemento da situación de desorganización total en Rusia e a toma do poder por parte do Goberno dos Comisarios do Pobo, presidido por Lenin, líder indiscutible da revolución

- o CUARTO PARÁGRAFO: "Finalmente, despois das revolucións de febreiro e outubro, tivo lugar unha etapa de guerra civil e na se produciu o nacemento da URSS e na que destacaría como feitos máis importantes ..." (CITAR E EXPLICAR ALGÚNS, DOUS POLO MENOS, DOS FEITOS QUE TIVERON LUGAR DURANTE A ETAPA DA GUERRA CIVIL E DO NACEMENTO DA URSS)

Cuarto parágrafo

Finalmente, despois das revolucións de febreiro e outubro, tivo lugar unha etapa de guerra civil e na que se produciu o nacemento da URSS, e na que destacarían como feitos máis importantes a vitoria na guerra do Exército Vermello despois de máis 3 anos de combate e a morte de Lenin en 1924 e loita pola súa sucesión entre Trotsky e Stalin na que venceu este último, establecendo unha ditadura na URSS.

→ ponte ao Exército Branco

→ Lenin

